

1. ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN PARA O 3º TRIMESTRE

| | | | |
|-------|---|---------|--------------------------------|
| ETAPA | EDUCACIÓN INFANTIL | CURSO | 4º EDUCACIÓN INFANTIL (3 ANOS) |
| ÁREAS | <p>1. COÑECEMENTO DE SÍ MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL</p> <p>2. COÑECEMENTO DO CONTORNO</p> <p>3. LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN</p> <p>ABÓRDANSE AS TRES ÁREAS DENDE UN ENFOQUE GLOBALIZADO E ATENDENDO A CADA UN DOS BLOQUES DE CONTIDOS QUE SE INCLÚEN EN CADA UNHA DELAS (*Pódense observar os bloques nos títulos das propostas de actividades semanais)</p> | MESTRAS | EQUIPO DOCENTE DE INFANTIL |

GRUPO/AULA

O grupo aula está formado por un total de 12 nenos e nenas de idades comprendidas entre os 3 e 4 anos. O grupo é moi diverso en canto a intereses e capacidades e as propostas didácticas tratan de xirar en torno a isto adaptándose a cada un dos ritmos individuais do alumnado. Atopabamonos en pleno proceso de cohesión e unión entre iguais para o que facíamos diferentes dinámicas en gran grupo. Os nenos e nenas estaban adaptad@s ao ritmo da aula así coma a súa titora e ás demais mestras que imparten docencia.

VÍAS DE COMUNICACIÓN

A **principal vía de comunicación** é mediante a aplicación gratuíta “Remind: comunicación escolar e familiar” mediante a cal se fai envío de todas as actividades e tarefas semanais. Estas tarefas, ao mesmo tempo, compártense na [páxina web do centro](#) e tamén nunha carpeta creada na plataforma web **Google Drive** especificamente para as familias da clase azul. Utilizamos o **correo electrónico** en caso de envío de tarefas realizadas por parte das familias (textos, vídeos, gravacións de mensaxes de voz e imaxes). Nalgúns casos concretos comunicámonos mediante chamada telefónica. Por último, estase a facer uso do servizo de **vídeo chamadas** para establecer contacto visual cos cativos e familias.

O **equipo docente** de infantil comunicámonos polo grupo de whatsapp, facemos reunións semanais por videochamada na plataforma Cisco Webex e temos unha carpeta colaborativa en Drive para crear as propostas e tarefas semanais de maneira conxunta.

2. CONCRECIÓN CURRICULAR

2.1. ÁREA COÑECEMENTO DE SÍ MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

| OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | INDICADORES DE AVALIACIÓN | COMPETENCIAS | TAREFAS E ACTIVIDADES |
|--|--|---|---|--|
| Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas. | Explorar o propio corpo, recoñecendo progresivamente as súas características e posibilidades para concienciar o propio esquema corporal. | BLOQUE XOGO E MOVEMENTO: Reproduce movementos a partir de consignas verbais (acochados, saltando...). | Competencia en autonomía e iniciativa persoal. Competencia para aprender a aprender. Competencia física e motriz. | Propostas de actividades semanais en formato vídeo. |
| | Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender os das demais persoas. | BLOQUE O CORPO E A PROPIA IMAXE: Solicita axuda para resolver conflitos. | Competencia en autonomía e iniciativa persoal. | Proposta de actividades semanais concretadas a partir dos diferentes bloques de contidos. Tarefas temáticas (animais, arte...). |
| Adquirir progresivamente autonomía nas | Resolver con iniciativa e autonomía as actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas. | BLOQUE A ACTIVIDADE COTIÁ: É capaz de concentrarse un tempo na mesma actividade. | Competencia en autonomía e iniciativa persoal. | Proposta de actividades |
| | | BLOQUE A ACTIVIDADE COTIÁ: Amosa unha actitude positiva ante | Competencia emocional. | |

| | | | | |
|-----------------------------|--|---|--|--|
| súas actividades habituais. | Manifestar hábitos de saúde, alimentación, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais. | as propostas de actividade. BLOQUE O COIDADADO PERSOAL E A SAÚDE: Emprega axeitadamente o lavabo. | Competencia en autonomía e iniciativa persoal. | semanais concretadas a partir dos diferentes bloques de contidos. Tarefas temáticas (animais, arte...). |
|-----------------------------|--|---|--|--|

2.2. ÁREA COÑECEMENTO DO CONTORNO

| OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | INDICADORES DE AVALIACIÓN | COMPETENCIAS | TAREFAS E ACTIVIDADES |
|--|---|--|---|---|
| Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas e achegarse á lectura e escritura como medio de comunicación, información e gozo. | Recoñecer algúns aspectos xeométricos básicos –liñas, puntos, rectángulos, cadrados, triángulos, círculos, esferas, cubos– | BLOQUE MEDIO FÍSICO: ELEMENTOS, RELACIÓNS E MEDIDA: Explora ludicamente as propiedades e as características dalgúns corpos xeométricos elementais. | Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico Competencia matemática. | Proposta de actividades semanais concretadas a partir dos diferentes bloques de contidos. |
| | Explorar os obxectos e elementos do contorno inmediato e actuar sobre eles. Recoñecer os seus atributos e calidades. Agrupar, clasificar e ordenar estes elementos e coleccións, segundo distintos criterios. | BLOQUE MEDIO FÍSICO: ELEMENTOS, RELACIÓNS E MEDIDA: Realiza exploracións e experimentacións cos materiais que se lle ofrecen. | | |
| Observar e explorar o seu contorno | Dar mostras de interesarse polo medio natural e os seus cambios. Identificar e nomear algúns dos seus | BLOQUE ACHEGAMENTO Á NATUREZA: Coñece os coidados básicos que requiren animais e | Competencia no coñecemento e a | |

| | | | | |
|-----------------------------|---|---|----------------------------------|--|
| familiar, natural e social. | compoñentes, establecendo relacións sinxelas de interdependencia. Manifestar actitudes de coidado e respecto cara á natureza e participar en actividades para conservala. | plantas para vivir. | interacción co mundo físico. | |
| | | BLOQUE ACHEGAMENTO Á NATUREZA: Ten curiosidade por todo o que o rodea | Competencia cultural e artística | |
| | | BLOQUE ACHEGAMENTO Á NATUREZA: Representa con debuxos o observado ou experimentado. | | |
| | Recoñecer algunhas manifestacións culturais próximas e doutras realidades, valorando a súa diversidade e riqueza. | BLOQUE CULTURA E VIDA EN SOCIEDADE Sente curiosidade por achegarse ao coñecemento de sucesos relevantes da historia da comunidade galega, de España e do mundo. | Competencia cultural e artística | |

2.3. ÁREA LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

| OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | INDICADORES DE AVALIACIÓN | COMPETENCIAS | TAREFAS E ACTIVIDADES |
|----------------------------|--|---|--|--|
| Desenvolver | Amosar interese por participar en interaccións orais en lingua estranxeira , rutinas e situacións habituais de comunicación, amosando | BLOQUE LINGUA ESTRANXEIRA: Participa activamente nas actividades que combinan o uso da lingua e a resposta corporal implicada pola orde emitida. | Competencia na comunicación lingüística. | Proposta de actividades semanais concretadas a partir dos diferentes bloques de contidos e vídeos con cancións |

| | | | | |
|---|--|---|--|---|
| habilidades de comunicación en diferentes linguaxes e formas de expresión. | unha actitude positiva cara a lingua. | | | da auxiliar de conversa e o equipo Plurininfantil |
| | Expresarse e comunicarse utilizando medios, materiais e técnicas propios das diferentes linguaxes artísticas e audiovisuais | BLOQUE LINGUAXE ARTÍSTICA: PLÁSTICA, MUSICAL E CORPORAL - Aмосa imaxinación e iniciativa nas súas producións plásticas. - Mestura as cores. - Traballa con interese con calquera tipo de material. | Competencia cultural e artística | Proposta de actividades semanais concretadas a partir dos diferentes bloques de contidos. |
| Achegarse, na medida das súas posibilidades, ao uso das tecnoloxías da información e da comunicación. | Utilizar, na medida das súas posibilidades, a linguaxe audiovisual e as tecnoloxías da información e comunicación como vehículo de expresión e comunicación. | BLOQUE LINGUAXE AUDIOVISUAL E TIC: Demostra interese e gusto polas actividades nas que se empregan as TIC | Competencia para o tratamento da información e competencia dixital | Tarefas temáticas (animais, arte...). |
| Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas e achegarse á lectura e | Mostrar interese polos textos escritos presentes na aula e no contorno próximo, iniciándose no seu uso e na comprensión das súas finalidades. Interesarse e participar nas situacións significativas de lectura e escritura que se producen na aula desenvolvidas por persoas lectoras e escritoras competentes. | BLOQUE APROXIMACIÓN Á LINGUA ESCRITA. ACHEGAMENTO Á LITERATURA: Mostra interese polos textos escritos presentes no seu contorno. BLOQUE APROXIMACIÓN Á LINGUA ESCRITA. ACHEGAMENTO Á LITERATURA: Solicita que lle lean para obter información. | Competencia na comunicación lingüística. | |

| | | | | |
|---|---|--|--|--|
| escritura como medio de comunicación, información e gozo. | Producir diferentes textos individualmente ou en grupo –con escritura convencional ou non–, iniciándose no uso do teclado para a codificación, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, entretemento... | BLOQUE APROXIMACIÓN Á LINGUA ESCRITA. ACHEGAMENTO Á LITERATURA: Reproduce, tendo en conta as diferentes etapas individuais no proceso de adquisición da lingua escrita, textos. | Competencia na comunicación lingüística. | Proposta de actividades semanais concretadas a partir dos diferentes bloques de contidos. Tarefas temáticas (animais, arte...). |
| | Expresar el de gratitude con xestos e palabras. Recoñecer os personaxes do relato. | Recoñece a Deus como creador e Pai. | Competencia social e cidadá. | Tarefas semanais de relixión. |

3. AVALIACIÓN: PROCEDEMENTO E INSTRUMENTOS

O **procedemento** para avaliar será continuo, global e formativo, polo que se terá en conta o desenvolvemento do alumnado dende o comezo do curso escolar e valorando a súa evolución ao longo do primeiro e segundo trimestre. Valoraranse positivamente as mostras de traballo enviadas á titora polas diferentes vías de comunicación xa citadas (vídeos, audios, debuxos, fotos...), aínda que isto nunca suporá o contrario, é dicir, no caso de non ser enviadas pola causa que sexa (traballo dos familiares a cargo, a non existencia de conexión a internet, non dispoñibilidade horaria para facer os envíos ou calquera outro motivo persoal ou familiar), non será causa de que a avaliación do terceiro trimestre se vexa modificada ou valorada de xeito negativo.

O **instrumento** de avaliación que se utilizará neste terceiro trimestre será unha **escala de valoración** (na que se indicará sen dificultade, en proceso ou con dificultade en relación aos indicadores de avaliación que se mostran no cadro anterior da concreción curricular).

As técnicas **de avaliación** das que se vai facer uso son: a análise das producións do alumnado, os indicadores de avaliación que se presentan no cadro anterior e o intercambio de información coas familias.

4. METODOLOXÍA

A metodoloxía docente, debido a situación actual, viuse modificada en moitos aspectos. Dende o comezo do confinamento optouse por enviar actividades semanais a través das vías de comunicación xa citadas para que as familias tiveran unhas propostas didácticas adaptadas ao nivel do alumnado de todo o ciclo de infantil (na medida do posible), aclarándose dende o comezo que a intención non é que o alumnado faga todas as actividades obrigatoriamente, se non que son unha guía e un recurso mais para facilitar as cousas e continuar coas aprendizaxes dun xeito mais coherente co que se viña facendo nas aulas. Dende o equipo docente de infantil fomos creando novas propostas coa intervención dos diferentes especialistas (a **coordinación do equipo** adquire aínda maior importancia nesta situación).

As **actividades** que se propoñen e envían ás familias son **de reforzo e repaso dos contidos** dados na aula ao longo do primeiro trimestre.

Fanse **envíos de información diariamente ao grupo de comunicación coa App Remind** para manter o contacto directo coas familias e resolver calquera dúbida que poida xurdir. Así mesmo, utilízase o servizo de mensaxes instantáneos do que dispón esta App para responder as inquiredanzas e obter información acerca do alumnado.

Cabe sinalar, que ademais das actividades semanais as mestras de infantil facemos vídeos con pequenas propostas para enviar a maiores ao longo da semana nos que existen cancións, xogos con movemento, coñecer diferentes lugares, contacontos... As propostas das mestras envíanse dúas veces á semana (luns e venres) e os mércores enviamos un vídeo na lingua estranxeira (inglés) elaborado pola auxiliar de conversa do centro.

Tamén, de xeito paralelo, **os diferentes equipos de dinamización do cole** están a desenvolver outras tarefas vinculadas coas diferentes **conmemoracións do calendario escolar (día do libro, día internacional contra o acoso escolar, día das letras galegas...)**, as cales engádense as outras propostas semanais e se fai envío das mesmas ás familias para que o alumnado poida formar parte.

Os **materiais** a empregar nas actividades tratamos de que sexan, na súa maior medida, manipulativos para despertar o interese do alumnado. Así mesmo, é habitual que incorporemos materiais cotiás que a maior parte das familias poidan ter na casa ou que poidan conseguir con facilidade. Nalgunhas propostas inclúense soportes para facilitar a impresión destes no caso das familias que dispoñen dunha impresora. Aínda así, todas as actividades teñen unha versión para poder ser elaboradas polo alumnado coa axuda dun familiar maior, sen necesidade de ter que imprimir nada. Evítase por todos os medios o uso de témperas, cartulinas, plastilinas... e demais materiais que non é habitual telos na casa para que todo o mundo poida acceder as propostas e compensar as posibles desigualdades.

As **actividades poden ser consultadas nos seguintes enlaces** coas datas referidas á súa temporalización:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnumero1tui/node/772> (programación actividades segundo trimestre).

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnumero1tui/node/777> (programación actividades terceiro trimestre).